

## DECRETO DA ALCALDÍA

Expediente núm.: 2025/G012/000004

Expediente núm.: 2025/G003/000419

Asunto: Fixación orde día sesión ordinaria da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Dependencia, Conciliación, Colectivos Vulnerables, Promoción da Saúde e Igualdade e Muller

Enterado da relación de expedientes.

Dende hoxe ten á súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que se dispoña relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

### RESOLVO

**Primeiro.-** Convocar a sesión ordinaria da COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS SOCIAIS, DEPENDENCIA, CONCILIACIÓN, COLECTIVOS VULNERABLES, PROMOCIÓN DA SAÚDE E IGUALDADE E MULLER, o día 24 DE MARZO DE 2025 (luns), ás 15:00 horas (tres do serán) no Salón de Plenos da Casa do Concello en primeira convocatoria e de non haber "quorum" suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois.

Dende hoxe ten a súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que dispoña relacionados cos asuntos que figuran na seguinte

ORDE DO DÍA	
1	<b>DAR CONTA DO ACORDO APROBADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA O 10 DE XANEIRO DE 2025.</b> <b>2.- PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.</b> Asunto: aprobación do POS+ adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios. (SEN DITAME, ARTIGO 126. 2º ROF)

**Segundo.-** Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros titulares da comisión informativa facendo efectiva esta resolución. Os membros titulares da mesma, xunto cos correspondentes suplentes, son os que se recollen na seguinte táboa:

TITULAR	SUPLENTE	GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL
PRESIDENTE: ALBERTO ROMAR LANDEIRA	NOELIA BALEATO TOJA	PSdeG-PSOE
ESTEFANIA CALVELO MUÑOZ	PATRICIA VAL ANTELO	PSdeG-PSOE
SALOMÉ BUSTELO LÓPEZ	CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE
MARÍA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	SILVIA CANCELA BLANCO	PP
JOSEFA MARÍA CALVO VILAR	FERNANDO BAÑA DOMÍNGUEZ	PP

**Terceiro.-** Os membros titulares da comisión informativa, que de seguido se relacionan, quedan notificado/s coa sinatura/remisión do presente decreto por correo electrónico:

TITULAR	GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL	
PRESIDENTE: ALBERTO ROMAR LANDEIRA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
ESTEFANÍA CALVELO MUÑOZ	PSdeG-PSOE	REMITIDO POR CORREO ELECTRÓNICO

SALOMÉ BUSTELO LÓPEZ	PSdeG-PSOE	REMITIDO POR CORREO ELECTRÓNICO
MARÍA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	PP	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
JOSEFA MARÍA CALVO VILAR	PP	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL

Esta resolución notificarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura electrónica

O alcalde

Alberto Romar Landeira

Dou fe, o secretario accidental

(PR da DXAL do 25/03/2021 e P Dalc núm. 347/2025, do 17/03/2025)

Evaristo Lois Rama